



A procura dos poderes morais

Xosé Luís Barreiro Rivas

1.- Crónica dunha crónica que remata aquí

Segundo parece –porque mo lembrou Marisa Vidal– levo 15 anos escribindo esta *Crónica política*, que empecei no número 132, en marzo do 2003, e vou rematar no número 206, en febreiro do 2018. Iso implica ter comparecido 74 veces nestas mesmas páxinas, e ter pulsado 1.154.400 veces as teclas do meu ordenador, pensando en vostedes, meus lectores, e nas benditas ánimas do purgatorio, que foron a miña coartada para explicarlle á muller por que perdiamos un fin de semana cada dous meses –porque ela colaboraba niso–, sen pedir un penique a cambio e sen saber se me lía alguén.

Tamén tiven que preguntarme 74 veces que sentido tiña repasar e compactar cada dous meses a mesma realidade que vostedes vivían diariamente,

e que eu debía incardinar nos fins desta revista galega de pensamento cristián que acaba de cumprir os seus primeiros 40 anos de vida. Encrucillada está en fase de anovamento, único xeito de prolongarse no tempo cumprindo a súa misión. E teño por un gran afecto que, en vez de dispersar esforzos destinados a gañar amplitude de perspectivas e enfoques, se vaian centrar todos os esforzos nos fins fundacionais desta preciosa e necesaria publicación periódica. Sirvan, pois, estas primeiras liñas, para agradecerlles a súa atención, para admirarme da confianza que me deron os editores para interpretar sen guías o que era materia da crónica e a forma de incardinala na revista, e o feito de térenme obrigado entre todos a facer unha análise tan intensa e prolongada dos comezos do século XXI, cando xa se fixo evidente un cambio fenomenolóxico do proceso social,

indicio moi firme de que tamén están cambiando as culturas, as escadas de valores, os modelos estéticos, as ideas e formas da política e dos seus comportamentos, e incluso as formas de ser e comparecer nas comunidades relixiosas. Grazas.

2.- Que sentido tiña –para min– esta Crónica?

Se a función dunha crónica fose só a de recoller, ordenar, mastigar un pouquiño e transmitir uns feitos, non tería ningún sentido facer este esforzo no momento estelar da sociedade da comunicación, cando a xente adora a información instantánea, cando os feitos son cada vez máis efémeros, e cando a importancia dunha noticia ou dun acontecemento non se mide pola súa importancia cualitativa, senón só pola rapidez con que nos chega, polo efecto sorpresa co que se nos fai interesante, e pola oportunidade que nos brinda o feito de falar por falar dende unha obsesiva soidade, coma se todo o mundo estivese sentado á noitiña dun verán, latricando e barallando, nas interminables escaleiras dun hórreo virtual.

Esta inutilidade inicial faise máis grande aínda se pensamos que a memoria histórica –como contexto e cultura– xa non existe, ou está en período de extinción, que funciona coma un colmado de memoria despersonalizada situado nos nosos dispositivos electrónicos, que só nos serve contidos a demanda, polo que moi pronto sucede que o 99,99 % dos contidos, cando deixan de ser actualidade, endexamais volven ser requiridos. E peor aínda se nos poñen as cousas se pensamos que a memoria histórica é, nos días de hoxe, máis manipulable ca nunca, e que, perdida a idea de que a historia é a «*magistra vitae*» –que lonxe fican Cicerón e santo Agostiño!–, só é unha «*imperia opinio confirmatio*», ou unha forma de ver as cousas que, oportunamente manipulada, deturpada e presentada, só se emprega para demostrar que as levedades que conforman a actual cultura de masas xa viñan predeterminadas e estaban presaxiadas no decorrer dos tempos. A *posverdade* entrou de cheo na historia, con máis forza, aínda, que na actualidade. E por iso dá a impresión de que –coas moi poucas excepcións, que só

veñen a confirmar a regra— o procurar nos feitos do pasado o maxisterio do tempo vén a ser o mesmo que poñerse a chorar.

Pode ser, non o descarto, que só esteamos diante dunha crise positiva, dun cambio de mentalidade, ou da cosmovisión das novas xeracións, que, mentres a min se me escapa, porque xa teño idade suficiente para non adaptarme, supoña a creación dunha nova cultura da vida, dos valores, das relacións humanas, da ética e da estética. E se así fose, benvido sexa o cambio para quen queira, saiba e poida aproveitalo. Pero tamén pode ser que esteamos diante dunha crise de desorientación propia dunha xeración que cuestiona intensamente o que recibe sen ter construído a alternativa. E nese suposto, tanto se estamos diante dun furaco pasaxeiro coma se o que se avenciña é unha longa e amolada transición, chea de incertezas e asimetrías que van facer máis difícil a vida no mundo, cómpre que fagamos as cousas o mellor posible, sen apresurarnos a cederlle á tecnoloxía o goberno universal, e sen prescindir do humanismo que nos guiou ata aquí. Porque, aínda que é evidente que non hai acordos precisos sobre o

inmediato destino nin sobre cales son as mellores vías para chegar a el, tamén se pode afirmar que estamos nun tempo no que cada un debe facer o posible por non perderse, nin faltar, no barullo da área, e no que ten moita importancia que cada quen teña o seu método para cubrir con éxito este chanzo.

Isto é, xa que logo, o que eu quixen facer coa miña crónica: unha catalogación dos problemas principais da nosa sociedade, inspirada nas prioridades e síntomas que nos brinda a actualidade, para tratalos despois conforme ás leccións que un largo e ben reflexionado pasado nos pon ao noso dispor. E para iso cheguei a conclusión que, se ben é certo que analizar os pasados e máis o presente coas mesmas regras de causalidade que aplicamos á actualidade pode crearnos unha confusión xeral e de enormes proporcións, ese problema está hoxe máis agravado aínda pola *momentocracia* que nos impón a tecnoloxía, da que recibimos a impresión de que o pasado non é máis que unha desgraciada sucesión de erros que estourou finalmente nun cosmos perfecto e inamovible, e que a mellor maneira de

interpretar o pasado é o de aplicarlle as regras positivas –para moitos infalibles– coas que observamos o noso mundo.

Pero iso, ao meu parecer é un erro. Porque a historia, lonxe de ser un encadeamento de feitos observados nas súas explicacións e proxeccións causais, é unha sucesión de ciclos de amplo alcance que, ao contrario do que sucede coa actualidade, que se explica mediante relacións causais, son o resultado de complexas cosmovisións filosóficas, tecnolóxicas, estéticas, artísticas, relixiosas e culturais que determinan a causalidade dos acontecementos pero sen ser, á súa vez, determinados por eles. E de aí vén a necesidade de rachar coa casuística do acontecer, e das súas causas, que explican o acontecer diario, para poder entender os mecanismos de ciclo, ou aqueles elementos de forte estabilidade e longa duración que funcionan como o pentagrama limpo, sen máis signo que os da armadura e a clave, nos que despois se escriben os feitos que compoñen a sinfonía da civilización.

E dándolle volta acabei regresando a Johann Gustav Droysen (1808-1884), historiador e pro-

fesor das universidades de Kiel e Berlín, para dicir que a pauta que enmarca a miña intensa e extensa actividade mediática, na que están incluídas as 74 *Crónicas políticas* que escribín para *Encrucillada*, é algo moi parecido ao que o historiador alemán bautizou coma poderes morais, nos que tendía a implicar as conviccións, acordos sociais, crenzas transcendentales e códigos de comportamento estables e perdurables nos que se enmarcan e determinan as accións políticas e sociais, e moi especialmente aquelas que teñen por finalidade empurrar e realizar os cambios congruentes que desenvolven o proceso da civilización. A historia, dicía Droysen, só dá leccións por ese libro, polo que cómpre ler e pasar todas as páxinas co coidado dun arqueólogo, sen pechar os ollos a ningunha conclusión, pero sen meter na vida das xeracións pasadas os prexuízos da nosa.

3.- Signos de cambio, que tamén poden ser abouxantes alarmas

1. O primeiro síntoma de alarma das sociedades occidentais máis avanzadas é o positivismo legal, disfrazado de ra-

dicalidade democrática, que, ademais de dar por suposto que todo o proceso social cabe e se fai explícito en códigos legais, conclúe, con certa lóxica, que todo é posible e lexítimo, sen máis condicións, se conta co consenso suficiente. É coma se de repente tivesen desaparecido non só a conciencia individual e as estruturas naturais da antropoloxía humana, senón tamén todas as formas de acordos e normativas sociais que non se expresen na normativa positiva –costume, crenzas e hábitos– para crear un mundo tan relativo e acelerado como poden selo os consensos que o rexen.

2. Nas estruturas socializadoras de hoxe apenas quedan elementos normativos distintos da lei. E iso converte á lei –e ás maiorías que ocasionalmente a controlan– nun absoluto, ou nun tirano disimulado que é imposible de domear. A sensación de hoxe é que todo é posible dende o consenso, nada é posible contra o consenso, e toda a orde social é relativa, e aceleradamente evolutiva, sen que ningún xinete monte e conduza tan brioso corcel. A onde non chegan os controis públicos –do Estado– non chega nada nin ninguén, e todo

apunta a que moitos dos cambios que determinan a modernidade empezan a dar signos de insostibilidade, ou de ineficacia esencial, que nos deixan sen solucións alternativas.

3. O terceiro cambio é a unidimensionalidade do formalismo social, que máis alá dos criterios de libre opción persoal e de laicidade institucional do Estado, apuntan cara a unha crecente eliminación –ou degradación, que é peor aínda– dos universos relixiosos, dos códigos de valores e da simpatía comunitaria que se expresa na solidariedade, cuxos baleiros, que ninguén sabe como encher, complican severamente a función pacificadora, educadora e asistencial do Estado.

4. En cuarto lugar, correlato lóxico do anterior, o que J. Stuart Mill chamaba «liberdade negativa», ou dereito a que ningunha persoa poida ser interferida no que só a si mesma lle concirne –a tradución galega desta pasaxe reiterada en Mill pode ser «ti goberna a túa vida que a miña nada che importa»– acentúa de tal maneira o papel do individualismo, e socava ata tal punto os alicerces da comu-

nidade política, que se están rachando os consensos sistémicos que facían funcionar as democracias, polo que cada día hai máis portas abertas a formas de populismo máis ou menos *soft*, que comprometen a posibilidade de sermos gobernados con eficacia e dentro dos consensos xerados implicitamente no proceso electoral.

5. A democracia, que deica hai poucos anos estaba definida como un sistema de gobernanación lexitimado polos cidadáns e controlado polas asembleas representativas, reclama hoxe en día, como consecuencia do individualismo, o protagonismo da xente, que vén sendo o das masas non organizadas, e a interacción de cidadáns e gobernos por un procedemento directo, que non veña mediatizado polos partidos, sindicatos, organizacións profesionais e demais modelos de participación cívica nos que a democracia se facía eficaz e gobernable. O engado da tecnoloxía, que permite unha aparencia de foro universal, xera unha sociedade babélica, e a democracia está perdendo o obxectivo co que persoas tan influentes como Lijphart, Dahl ou Sartori a identificaban: a capa-

cidade de gobernar e de ser gobernada. E isto presaxia longas e difíciles crises de *gobernanza*, que non se poderán superar ata que se recupere a mentalidade sistémica, ou ata que se invente outra forma de gobernar, nova e eficaz, que deica agora non se albisca.

Todas estas alarmas, que en boa parte son compatibles con posibles avances que por agora non somos capaces de comprender, e que só nunha pequena proporción parecen crises negativas irrefutables, coinciden ademais con outras crises que, sendo síntomas de cambios evolutivos que serán sen dúbida positivos –estéticos, dos modelos familiares, laborais, pedagóxicos, de hábitat e da comunicación–, sitúannos nun intre no que sería necesario construír referentes intelectuais para este novo mundo, necesidade que en nada se compadece co tipo de líderes intelectuais e sociais que estamos padecendo. E neste contexto penso e creo que é moito máis fácil disciplinar en parte os modelos de análise que poderían orientar os cambios nos que estamos embarcados que esperar modelos de acción que, como algúns dos xa

pasados, experimenten o cambio mentres o están facendo, con consecuencias tan dramáticas e perniciosas coma as que noutros intres xa engaiolaron a unha humanidade desprevida, ou fiar o futuro á esperanza de que a base de remexer e remexer os croios, sen plan nin métodos, se acaben asentando na peneira do mesmo xeito que se asentán as vías sobre o balastro do tren.

4.- Despedida

Esta tarefa, na que seguramente cometín moitos erros, remata aquí. Pero continuará noutras publicacións e noutros

foros, e irá gañando, espero, moitos máis pensadores e activistas preocupados, non pola posibilidade de cambiar o mundo –porque o mundo sempre cambia, de grado ou pola forza, e con líderes ou sen eles–, senón pola necesidade de facer ese cambio en paz, sen traumas políticos, sociais e mesmo bélicos, e dun xeito tan dilixente que apenas retarde o progreso do benestar. Por iso espero que, dado que os camiñantes somos moitos, e os camiños poucos, nos encontremos acotío neste grato compromiso. Unha aperta.

Xosé Luís Barreiro Rivas